- 10831 - 4705 (11/PRE-001890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a situación do sector marisqueiro da ría de Noia

- 10829 - 4711 (11/PRE-001891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos prexuízos ocasionados ao sector marisqueiro por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles, pola demora na obtención dos resultados das análises da calidade das augas

- 10827 - 5211 (11/PRE-001892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de compensar economicamente o sector marisqueiro e a confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo e as súas intencións respecto da realización das actuacións precisas para ese fin

- 11017 - 5287 (11/PRE-001893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego en relación coa desaparición dun lote de berberechos nunha batea do Centro de Investigacións Mariñas de Vilanova de Arousa e as medidas adoptadas desde o ano 2016 para evitar a repetición destes feitos

- 11232 - 5737 (11/PRE-001895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do sistema que está a utilizar para a distribución entre as embarcacións do cerco de Galicia das cinco licenzas para faenaren simultánea e semanalmente



nas augas interiores do País Vasco, e as súas intencións respecto do deseño e da aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema para ese fin

- 11022 - 5769 (11/PRE-001896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á recuperación marisqueira da ría de Ferrol e á protección económica e social das persoas mariscadoras da ría

- 11230 - 5885 (11/PRE-001897)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación e o establecemento dun protocolo de actuación específico no caso de chegada aos portos de Galicia de barcos con membros das súas tripulacións contaxiados pola covid-19

- 11027 - 6595 (11/PRE-001904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co paso do buque *Sevmorput* polas costas galegas

- 11213 - 1536 (11/PRE-001931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, así como o orzamento que vai destinar para a súa aplicación

- 11102 - 617 (11/PRE-002116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19

- 11202 - 1082 (11/PRE-002135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatria no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel

- 11199 - 1129 (11/PRE-002136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa evolución en Galicia da covid-19



- 11208 - 1312 (11/PRE-002139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da xestión e do financiamento na actualidade do Fogar Infantil Emilio Romy, da Coruña, e do Centro de Menores de Ferrol pola Deputación Provincial da Coruña, así como sobre a data prevista para a súa asunción

- 11205 - 1373 (11/PRE-002142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun servizo de garda de Neurocirurxía de vinte e catro horas e a creación dunha unidade de ictus no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como o desenvolvemento da totalidade do programa Código ictus no conxunto do territorio de Galicia

- 11203 - 1378 (11/PRE-002143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar no concello da Pontenova, as razóns para non cubrir as baixas do persoal facultativo no centro de saúde e as previsións referidas á realización de modificacións nos seus recursos humanos

- 11211 - 1579 (11/PRE-002147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a atención sanitaria que se está a prestar no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra

- 11221 - 1648 (11/PRE-002151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a situación en que se encontra a asistencia sanitaria en Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, as previsións do Goberno galego referidas ao pechamento do consultorio de Atención Primaria nesa vila e a solución que vai adoptar ao respecto

- 11219 - 1652 (11/PRE-002152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos ao material subtraído no Hospital de Montecelo, en Pontevedra, e os procedementos iniciados pola Consellería de Sanidade ao respecto

- 11217 - 1661 (11/PRE-002153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre o estado en que se atopa o proxecto de construción dun novo centro de saúde no concello de Antas de Ulla, o calendario e investimento previsto polo Goberno galego para a súa execución e mais o prazo estimado para a súa posta en funcionamento

- 11216 - 1667 (11/PRE-002154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en materia de persoal de infraestruturas para garantir unha atención sanitaria digna á veciñanza do concello do Grove

- 11225 - 1689 (11/PRE-002155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar o problema da carencia de sala de espera no Centro de Saúde de Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como as razóns da demora na habilitación dun espazo para ese fin

- 11224 - 1690 (11/PRE-002156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o plan de continxencias elaborado polo Goberno galego para evitar a saturación dos servizos sanitarios a consecuencia dos gromos de gripe e de enfermidades respiratorias, así como dos contaxios pola covid-19

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 22 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva (UE) 2017/2397 no que incumbe ás medidas transitorias para o recoñecemento dos certificados de terceiros países (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 71 final] [2021/0039 ( COD)]**

-11/UECS-000065 (11532) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva (UE) 2017/2397 no que incumbe ás medidas transitorias para o recoñecemento dos certificados de terceiros países (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 71 final] [2021/0039 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 11532, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Euro-



pea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva (UE) 2017/2397 no que incumbe ás medidas transitorias para o recoñecemento dos certificados de terceiros países (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 71 final] [2021/0039 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

### 4.2. Correcci3ns de erros

#### Correcci3n de erros na execuci3n dos acordos da Mesa do Parlamento do d3a 23 de febreiro de 2021

Advertido un erro material, na relaci3n das iniciativas admitidas a tr3mite pola Mesa do Parlamento na reuni3n do 23 de febreiro de 2021, proc3dese 3 s3a correcci3n nos seguintes termos.

Na ep3grafe correspondente 3s preguntas orais en comisi3n

Onde di:

«- 11260 (11/POC-001989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bar3 Torres, Xos3 Lu3s e 2 m3is



Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas nese obxectivo, así como dos principios horizontais  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos»

Debe dicir:

«- 11260 (11/POC-001989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas nese obxectivo, así como dos principios horizontais  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos»

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11119

Data envío: 16/02/2021 15:31:37.718

Data 16/02/2021 15:31



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3073**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da modificación da interpretación que está a facer da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, co fin de lle posibilitar ao persoal fixo discontinuo o traballo noutras administracións ou empresas públicas nos períodos de inactividade dos seus contratos”**, (publicada no BOPG número 30 do 14 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta xa foi respondida na Comisión 7,<sup>a</sup> Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, de data 19 de novembro de 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11119**  
Data envío: 16/02/2021 15:31:37.718

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2021 15:31:34**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11122

Data envío: 16/02/2021 15:32:39.156

Data 16/02/2021 15:32



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3254**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida aos resultados da fusión das caixas de aforro de Galicia e a necesidade de asunción de responsabilidades políticas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 30 do 14 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

A crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario en toda a UE, con perda de entidades e procesos de concentración en toda Europa: O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

En España, a reestruturación do sistema bancario supuxo a práctica desaparición das caixas de aforros, das 45 caixas que existían en 2008 unicamente subsisten dúas como tal, quedando reducido o número de entidades financeiras que operan en España a pouco mais dunha decena.

Galicia viuse fortemente afectada por este proceso de reestruturación bancaria, con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade, e que transformou por completo a configuración do mapa bancario galego.

A pesar de todo, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que presenta no seu mapa bancario unha entidade financeira, ABANCA, cos centros de decisión en Galicia e cunha estratexia centrada na nosa comunidade.

Desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender e traballar, dentro das nosas competencias, a prol de todas aquelas



Xacobeo 2021






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11122**  
Data envío: 16/02/2021 15:32:39.156



iniciativas que implican manter entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e a actividade financeira en Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia seguirá a colaborar, tal e como fixo dende o primeiro momento, co Parlamento de Galicia poñendo a disposición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas da súa transformación en bancos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11122**  
Data envío: 16/02/2021 15:32:39.156

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2021 15:32:36**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11002  
Data envío: 15/02/2021 15:27:26.470  
Data 15/02/2021 15:27

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3904**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun verdadeiro programa para impulsar o turismo fóra da tempada estival, co fin de desestacionalizalo”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Un dos retos máis necesarios e importantes que tivo que afrontar a Axencia de Turismo de Galicia, foi a creación de novos produtos turísticos que mostrasen todas as fortalezas do noso territorio e así poder desestacionalizar a afluencia de visitantes a nosa comunidade.

Así, tomando como piares fundamentais o Camiño de Santiago e os anos Xacobeos, puxéronse a disposición dos viaxeiros que visitan Galicia unha gran diversidade de oferta turística que pasa por rutas, espazos, cultura e outros como:

- Mar e Costa
  - Faros, rías e praias
  - Turismo mariñeiro
- Rutas
  - Camelia
  - Faros
  - Eurovelo Galicia



Xacobeo 2021





## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11002**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:26.470

galicia

- Top-Ten: dez lugares únicos
- Turismo de saúde:
  - Manantiais de Galicia
- Cultura e Patrimonio:
  - Patrimonio oculto
  - Santuarios máxicos
- Gastronomía:
  - Ruta dos viños
- Espazos Naturais
  - Galicia birding
  - Galicia surfing
- Xeodestinos
- E outros produtos como:
  - BONO TURISTICO
  - ELIXE GALICIA

O programa Elixe Galicia, se desenvolverá entre o 10 de marzo e o 15 de novembro de 2021. Dirixido a xente nova menor de 30 anos, ás familias con fillos menores de idade e a pensionistas maiores de 55 anos, ata o de agora se rexistraron case 2.000 solicitudes para optar ás viaxes en 2021, polo que desde a Xunta anímase aos cidadáns a participar nun programa co que se busca fomentar o turismo interior fora de tempada alta.

Os interesados teñen que solicitar a súa praza, achegando toda a documentación solicitada, a través das axencias de viaxe ou da sede electrónica da Xunta. No caso de



Xacobeo 2021






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11002**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:26.470



seren beneficiados, terán que solicitar a reserva da praza a partir de febreiro de 2021, un trámite no que se terá en conta a orde de inscrición e os condicionantes económicos. Todos os usuarios que obteñan abonarán un prezo fixo correspondente a prezos de tempada baixa e dependendo do programa no que se inscriban, mentres que a Xunta subvenciona o 40% da viaxe. Existen catro diferentes programas creados expresamente para este programa vacacional: Vacacións en zonas costeiras; rutas de patrimonio histórico e cultural; rutas de natureza e montaña e estancias en balnearios. As viaxes teñen unha duración de entre 3 a 5 días, moitos deles en fin de semana.

Aínda que inicialmente esta segunda convocatoria tiña previsto contar con algo máis de 6.500 prazas, a previsión é que Elíxe Galicia 2021 poida dispor de máis de 10.000 prazas, xa que se lle sumarán aquelas que non se cheguen a comercializar este ano.

O protocolo creado para este programa establece medidas tanto de limpeza como distanciamento social así como se estableceu un manexo seguro de equipaxes e do transporte de viaxeiros. Ademais da obrigatoriedade do uso da máscara e do xel hidroalcolico, no programa de actividades escolléronse provedores que implantaron medidas específicas anticovid e se estableceu un protocolo de actuacións en caso de posibles casos positivos. Tamén se adaptaron as visitas ás normativas hixiénico sanitarias, limitando aforamentos e evitando visitas a recursos turísticos nos que non se poda garantir un estrito control das medidas sanitarias vixentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11002**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:26.470

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:27:23**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:59:47  
Nº Rexistro: 10836

Data envío: 12/02/2021 12:59:47.593

Data 12/02/2021 12:59



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4021**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación existente no Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades garantir o servizo de salvamento marítimo nas máximas condicións de seguridade e, realiza con ese fin un seguimento exhaustivo das incidencias que poidan producirse e está en contacto permanente coa empresa para dar cumprimento ao contrato.

Así, en caso de incumprimento, a firma adxudicataria do servizo enfrontaríase ás penalizacións correspondentes, polo que a Xunta vela polo cumprimento do contrato e seguirá adoptando todas as medidas necesarias para garantilo.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria. Así, no ano 2018 acadouse un promedio de operatividade do 94,61%, no ano 2019 do 94,68% e, en 2020 rolda tamén estes valores.

Estes datos reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar.

O Servizo de salvamento marítimo depende nunha altísima porcentaxe do bo facer e a profesionalidade das tripulacións e do persoal que día tras día prestan os seus servizos neste campo. Estes traballadores cuxa excelencia ten sido recoñecida



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:59:47  
**Nº Rexistro: 10836**  
Data envío: 12/02/2021 12:59:47,593

galicia

nalgúns casos con galardóns de importancia internacional, son a alma do Servizo, pero o conflito laboral que poida existir entre a empresa Babcock e os seus traballadores é una cuestión interna que debe dirimirse entre as partes e, no que a Administración autonómica carece de instrumentos para intervir.

Estamos ante un Servizo esencial de cuxa prestación dependen vidas humanas, de aí que non caiba facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo. Enorgullécenos de ser a primeira comunidade autónoma que conta con medios aéreos de salvamento e do extraordinario funcionamento deste Servizo, Servizo que pon a disposición de Salvamento Marítimo do estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operación e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.

En relación co incidente acaecido no mes de outubro de 2020 co helicóptero Pesca I con base en Vigo, cabe indicar o seguinte:

O día 11/10/2020 o helicóptero Pesca I tivo un evento que xerou a súa inoperatividade debido a unha avaría no sistema de inflado dos flotadores. Esta avaría produciuse como consecuencia dun voo de Adestramentos Recorrente e revalidación que se realizou en helicóptero en lugar de simulador, como sería o habitual, debido á imposibilidade de viaxar aos EEUU para facer a instrución en simulador por restricións derivadas da crise sanitaria do COVID-19.

Manter a cualificación no modelo é un requisito indispensable para poder pilotar as aeronaves e debe facerse con carácter anual.

Esta consellería ten constancia, pola documentación achegada pola empresa, que os repostos para reparar o sistema de inflado foron pedidos con carácter de urxencia, o mesmo día 11, ao fabricante en EEUU.

En circunstancias normais o pedido sería entregado nun prazo inferior a 3 días, pero debido ás restricións de viaxes derivadas da crise sanitaria orixinada polo COVID-19, este pedido non foi entregado ata o día 6 de novembro, tratándose ademais dunha mercadoría catalogada de perigosa para o seu traslado en avión (material pirotécnico necesario para activar el sistema de inflado).



**Xacobeo 2021**






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:59:47  
**Nº Rexistro: 10836**  
Data envío: 12/02/2021 12:59:47.593



Por outra parte, nese momento a empresa contratista non podía dispoñer do helicóptero de substitución xa que estaba no seu período de mantemento anual.

Ante esta situación, decidiuse reprogramar o mantemento do helicóptero de substitución para que entrara en servizo canto antes e namentres utilizar o Pesca I limitando o seu radio de acción a 20 millas náuticas desde a costa.

Non obstante, e a pesar destas circunstancias atenuantes a consellería tramitou un expediente que finalizou coa imposición dunha penalidade de 24.505 €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:59:47**  
**Nº Rexistro: 10836**  
Data envío: 12/02/2021 12:59:47.593

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:59:44**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:58:54  
Nº Rexistro: 10834  
Data envío: 12/02/2021 12:58:54.109  
Data 12/02/2021 12:58

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4225**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do servizo de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense co número de profesionais asignados a cada un deles”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a ultimar a actualización da relación de postos de traballo, que inclúe novos funcionarios para ámbolos dous Portos, concretamente un xefe de gardamuelles en Burela e un novo gardamuelles no Porto de Celeiro.

Así incorporaranse ao cadro de persoal de Portos de Galicia una vez estea en vigor a nova relación de postos de traballo que se está a ultimar cos representantes dos traballadores.

A Xunta de Galicia é coñecedora das demandas dos usuarios e por iso se están a cubrir estas vacantes dotando de máis servizos e máis seguridade aos Portos de Burela e Celeiro e dando polo tanto resposta ao sector pesqueiro da Mariña lucense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:58:54**  
**Nº Rexistro: 10834**  
Data envío: 12/02/2021 12:58:54.109

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:58:50**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11004

Data envío: 15/02/2021 15:28:34.923

Data 15/02/2021 15:28



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4370**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a desaparición ou perda do valor orixinal do proxecto de homologación do Camiño dos Faros como ruta de Gran Percorrido (GR)”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª, na sesión celebrada o 2 de decembro de 2020 no debate da iniciativa con número de rexistro 4369, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2020-12-02?part=dcf3144f-055d-48a6-8471-0cf754cdfb02&start=1650>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que estamos de acordo nos principios e obxectivos que marca a asociación, pero cada un deles terá que cumprir, leis, ordes, regulamentos, protocolos, ou calquera outro tipo de ordenamento que fixe os parámetros que regule o seu uso para que ‘perviva no tempo,



Xacobeo 2021






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11004**  
Data envío: 15/02/2021 15:28:34.923



sexa respectuoso ca natureza, sostible, de baixo custo e transparente', como especifica a propia asociación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11004**  
Data envío: 15/02/2021 15:28:34.923

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:28:30**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11006

Data envío: 15/02/2021 15:29:00.110

Data 15/02/2021 15:28



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4462**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o mecanismo establecido ou previsto polo Goberno galego para compensar economicamente ás persoas mariscadoras durante o cesamento da súa actividade pola execución dos traballos de rexeneración da ría da Coruña**”, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia congratúlase de que por fin o Goberno central inicie a licitación da dragaxe da ría do Burgo pois é algo que o Goberno autonómico viña demandando desde hai anos.

De feito, a Xunta de Galicia propuxo tanto a solución para o seu financiamento coma para superar os problemas postos polo Ministerio de cara á licitación.

Trátase dunha obra fundamental para os veciños e para os profesionais do marisqueo da Coruña e da súa contorna.

Agora debe ser prioritario o deseño dun plan social con compensacións económicas para as persoas afectadas ante a suspensión da actividade durante as obras.

Malia que é o promotor da obra, o Goberno do Estado, quen debe facerse cargo das indemnizacións, o Goberno galego xa propuxo en xaneiro de 2019 un plan social coa participación das administracións estatal e autonómica e dos concellos da zona. Dous anos despois non temos resposta.

Tamén debemos demandar do Goberno central o compromiso para que o labor de recollida e reposición de semente (con 620.000 euros de fondos) sexa realizado polos



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11006**  
Data envío: 15/02/2021 15:29:00.110

galicia

mariscadores coa fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.

A Xunta está disposta a achegar 100.000 euros de fondos do orzamento de 2021 ao plan social de apoio aos afectados e demandar achegas na mesma medida aos concellos ribeiregos e ao Goberno central ata acadar o millón de euros.

É unha mostra máis do compromiso da Xunta con este proxecto e cos coruñeses. Un compromiso que xa supuxo un investimento de máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo mediante actuacións efectuadas en apoio aos concellos.

Esas actuacións contribuíron a mellorar o estado e a calidade das augas da ría da Coruña e O Burgo desde 2009. De feito, nestes momentos non existe ningunha zona nesta área clasificada como C que impida o desenvolvemento normal da actividade extractiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11006**  
Data envío: 15/02/2021 15:29:00.110

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:28:56**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:55:27  
Nº Rexistro: 10832

Data envío: 12/02/2021 12:55:27.343

Data 12/02/2021 12:55



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4704**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia dos prexuízos ocasionados ás persoas mariscadoras da ría de Noia por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles, pola demora na obtención dos resultados das análises da calidade das augas”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou máis de 85.000 análises en 2019 e emitiu máis de 7.400 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notificanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:55:27  
**Nº Rexistro: 10832**  
Data envío: 12/02/2021 12:55:27.343

galicia

como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Así, isto foi o que ocorreu nun recente peche cautelar decretado na ría de Muros e Noia, no que tralo autocontrol realizado pola confraría que mostraba valores superiores ao límite legal se decidiu pechar a actividade de xeito preventivo, a pesares de que as análises realizadas polo Intecmar mostraban valores moi inferiores ao límite legal. De feito, foron ata 13 as análises de toxicidade realizadas nun período de dúas semanas que ofreceron índices por debaixo dese límite, polo que non había risco para o consumidor.

A Xunta considera que o autocontrol é unha boa práctica por parte do sector e complementa os controis oficiais pero lembra que o Intecmar é o laboratorio de control oficial, acreditado desde 1999 e que emprega nas analíticas o método de referencia ao tempo que conta cuns resultados e unha traxectoria que avalan o seu bo facer”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:55:27**  
**Nº Rexistro: 10832**  
Data envío: 12/02/2021 12:55:27.343

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:55:22**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11008

Data envío: 15/02/2021 15:30:09.704

Data 15/02/2021 15:30



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5104**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da adopción de medidas que garantan a seguridade sanitaria das persoas usuarias no transporte colectivo e a limitación da ocupación de prazas nos vehículos”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 5103, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 90, do 5 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
15/02/2021 15:30:06





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11008**  
Data envío: 15/02/2021 15:30:09.704

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:30:06**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11011**

Data envío: 15/02/2021 15:30:46.641

Data 15/02/2021 15:30



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a información da Consellería do Mar referida á desaparición dunha elevada cantidade de berberecho que estaba a utilizar o Centro de Investigacións Mariñas para estudar o parasito Marteilia cochillia e o seu impacto sobre o produto”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de decembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 5162. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2020-12-04?part=f1889b57-fca6-4156-9d70-ccf8047ab875&start=1126>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa sobre a desaparición de arredor de 5.200 individuos de berberecho que estaban nunha batea instalada na ría de Arousa e pertencían a un proxecto de investigación do CIMA denominado Croquedous. Este suceso foi posto en coñecemento da Garda Civil e a iniciativa tiña como obxectivo a obtención de estirpes resistentes ao parasito Marteilia cochillia mediante engorde en batea de semente producida en criadeiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11011**  
Data envío: 15/02/2021 15:30:46.641

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:30:43**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11014**

Data envío: 15/02/2021 15:31:42.141

Data 15/02/2021 15:31



  - Contemplase unha **intensidade de axuda do 80%**, cun máximo de 20.000€.
  - Tamén a posibilidade de solicitar **anticipo de ata o 50%** do importe da axuda.

➔ De cara o ano 2021 **TURISMO DE GALICIA** porá en marcha un **PLAN DE CHOQUE** para o reforzo do sector turístico que contemplará entre outras as seguintes medidas:

#### 1. Dálle continuidade ás **liñas de axuda para o incentivo ao consumo**:

- Programa **Elixé Galicia**:



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10965**  
Data envío: 15/02/2021 15:16:45.751

galicia

o **Bono Turístico Quedamos en Galicia**

2. A Xunta de Galicia está a traballar na posta en marcha dun **SEGURO CORONAVIRUS** que entrará en vigor a partir do primeiro trimestre de 2021. Trátase dunha medida novidosa que cubrirá todos os custos sanitarios, de transporte e aloxamento que se deriven da posible situación de contaxio de covid-19 dun viaxeiro e/ou o seu acompañante.
3. Creouse e estase a difundir entre as empresas do sector a App **PassCOVID** para o rexistro de estadías dos viaxeiros nos establecementos turísticos. O obxectivo é establecer unha canle de información sobre a situación COVID en Galicia, e recomendacións personalizadas en base á situación individual de saúde servindo coma fonte para identificar focos de contacto e previr potenciais rebrotes.

**Axudas específicas para a turoperación:** A turoperación galega contará cunha primeira liña de axudas cun orzamento de 2,4 millóns de euros para colaborar na creación e comercialización de produtos turísticos do destino Galicia e os gastos derivados da transformación dixital, ademais de financiar os seguros de caución; e unha segunda, para que a se destinan 1,2 millóns de euros cos que estes negocios poden facer fronte aos custos de alugueiro e préstamos hipotecarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10965**  
Data envío: 15/02/2021 15:16:45.751

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:16:41**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10980

Data envío: 15/02/2021 15:21:56.907

Data 15/02/2021 15:21



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1939**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de incluír as parroquias do rural do concello de Viveiro e o polígono industrial de Landrove no Plan de banda larga de Galicia 2020”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é consciente, dende fai máis dunha década, da importancia das comunicacións no ámbito económico e social. E aínda máis nun momento como o actual, posto que a conectividade nos fogares e empresas converteuse nun factor esencial para o desempeño laboral e escolar. Non obstante, non podemos esquecer que Galicia é a comunidade máis rural de España. Esta característica, sumada á dispersión poboacional, fan que a extensión de redes de banda larga ultrarrápida no noso territorio sexa altamente complexa, motivo polo cal Galicia é todo un reto para o despregamento dos operadores aínda cando se está a subvencionar por parte das Administracións autonómica e estatal.

Neste senso, é importante salientar ademais que, a cobertura de redes de telecomunicacións non só se proporciona a través de redes fixas como son o ADSL e a fibra óptica, tamén as redes sen fíos 4G e o 5G son esenciais para acadar a plena conectividade naquelas zonas de difícil acceso.

Con todo, a Xunta de Galicia non cesa nos esforzos para asegurar a vertebración territorial neste eido, sempre sen esquecer que a competencia en materia de telecomunicacións corresponde ao Goberno central. Tal é así que, xa no ano 2010, a través do primeiro Plan de Banda Larga da Xunta, comezáronse a despregar redes de máis de 100Mbps, achegando o acceso a este servizo a máis da metade dos galegos



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10980**  
Data envío: 15/02/2021 15:21:56.907

galicia

e constituíndose como unha das primeiras rexións a nivel nacional e europeo que impulsaron o despregamento de redes de nova xeración seguindo as directrices da Axenda Dixital para Europa.

Isto foi posible grazas a que por aquel entón contábamos coa xestión de fondos FEDER para a extensión de redes de telecomunicacións, cousa que a día de hoxe non é así. Actualmente é o Estado quen conta cos fondos FEDER no eido das redes de banda larga, que son a principal fonte de financiamento posta a disposición dende Europa para fomentar o despregamento e a adopción destas redes.

Isto, sumado a que as competencias en materia de telecomunicacións corresponden ao Goberno central, fixo que o Estado asumira os obxectivos de cobertura establecidos pola Estratexia Europa 2020 e a Axenda Dixital para Europa 2020 a través do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración.

Ademais, hai que aclarar que, trala aprobación polo Estado no ano 2015 do Real Decreto 462/2015, as Comunidades Autónomas pasaron a precisar a autorización do Estado para a posta en marcha de calquera actuación orientada ao impulso das redes de banda larga.

Aínda así, a Xunta de Galicia, consciente da importancias das redes de telecomunicacións, decidiu continuar adicando esforzos e recursos á extensión de redes ultrarrápidas e, no ano 2015, lanzou o novo Plan de Banda Larga 2020 empregando para isto fondos FEADER. Este Plan complementa ás convocatorias de axudas para o despregamento de redes ultrarrápidas que executa o Estado a través do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración.

Concretamente, o Estado autorizou ao Goberno galego á posta en marcha de iniciativas orientadas á extensión de redes de máis de 100Mps en núcleos de menos de 300 habitantes, así como en polígonos e parques empresariais.

No que respecta aos polígonos industriais, a Xunta de Galicia executou unha actuación, a través do operador R Cable, que permitiu dotar de cobertura de fibra óptica con capacidades de máis de 100 megas (incluso ata 500 megas) a 81 polígonos



**Xacobeo 2021**







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10980**  
Data envío: 15/02/2021 15:21:56.907

galicia

industriais de toda Galicia.

Ademais, no eido empresarial e de xeito complementario ao despregamento en polígonos, leváronse a cabo dúas convocatorias de axudas para facilitar a conexión a empresas de zonas que carecían de cobertura.

E no que respecta aos núcleos de poboación, grazas aos plans autonómico e estatal a mediados do ano 2019, segundo datos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o 95% da poboación de Galicia contaba xa con cobertura de redes de 30Mbps ou máis.

Como se indicou, compre salientar que a cobertura de redes de telecomunicacións non só se proporciona a través de redes fixas como a fibra óptica. Existen tamén redes sen fíos que proporcionan servizos de alta velocidade. Dende a Administración autonómica, facendo eco das peticións achegadas por numerosos concellos, insistíuse na importancia da conectividade en mobilidade (4G), tanto de voz como de datos. Un aspecto que non se estaba a abarcar dende o Estado nas súas actuacións.

Con todo, compre salientar que, para Europa a conectividade e o 5G son as pancas de recuperación e os impulsores da transformación dixital, por iso tamén están sinalados no novo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea

A este respecto, é o Estado o que ten a competencia para a xestión dos principais fondos comunitarios destinados á conectividade e ao 5G. Así, o Goberno central aprobou o Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da sociedade, a economía e os territorios e a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G. Entre os obxectivos do Plan está o de seguir ampliando a cobertura de banda larga de máis de 100Mbps ata alcanzar ao 100% da poboación no ano 2025.

Compre salientar que, o Plan para a Conectividade do Estado canalizará os fondos europeos FRR (Fondo de Recuperación y Resiliencia) e FEDER 2021-2027. Concretamente, o Plan de Conectividade e a Estratexia para o 5G prevén un investimento de 4.320 millóns de euros de fondos públicos (883 millóns xa previstos nos Orzamentos para 2021). Dende a Xunta, unha vez máis, insistírase ao Goberno



**Xacobeo 2021**







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10980**  
Data envío: 15/02/2021 15:21:56.907

galicia

central na necesidade de priorizar a inversión nos núcleos máis rurais, concretamente en núcleos de menos de 500 habitantes onde reside o 40% da poboación de Galicia fronte ao 6% da media estatal.

Polo tanto, de acordo con todo o exposto, concluír recordando unha vez máis que, é o Estado a administración competente en materia de telecomunicacións e tamén quen conta cos principais fondos comunitarios para a financiamento e posta en marcha de iniciativas que incrementen a cobertura de banda larga ultrarrápida no territorio español, e por conseguinte en Galicia.

Desde a Xunta de Galicia continuarase a traballar de xeito complementario ao Estado para apoiar o cumprimento dos obxectivos establecidos por Europa tanto para o ano 2020, no referente á cobertura de 30Mbps, como cara ao ano 2025, na cobertura de redes de 100Mbps”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10980**  
Data envío: 15/02/2021 15:21:56.907

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:21:53**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11001

Data envío: 15/02/2021 15:27:19.141

Data 15/02/2021 15:27



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3905**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun verdadeiro programa para impulsar o turismo fóra da tempada estival, co fin de desestacionalizalo, e a valoración que fai do desenvolvemento do denominado Galicia elixe Galicia”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Un dos retos máis necesarios e importantes que tivo que afrontar a Axencia de Turismo de Galicia, foi a creación de novos produtos turísticos que mostrasen todas as fortalezas do noso territorio e así poder desestacionalizar a afluencia de visitantes a nosa comunidade.

Así, tomando como piares fundamentais o Camiño de Santiago e os anos Xacobeos, puxéronse a disposición dos viaxeiros que visitan Galicia unha gran diversidade de oferta turística que pasa por rutas, espazos, cultura e outros como:

- Mar e Costa
  - Faros, rías e praias
  - Turismo mariñeiro
- Rutas
  - Camelia
  - Faros



Xacobeo 2021






## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11001**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:19.141



- Eurovelo Galicia
- Top-Ten: dez lugares únicos
- Turismo de saúde:
  - Manantiais de Galicia
- Cultura e Patrimonio:
  - Patrimonio oculto
  - Santuarios máxicos
- Gastronomía:
  - Ruta dos viños
- Espazos Naturais
  - Galicia birding
  - Galicia surfing
- Xeodestinos
- E outros produtos como:
  - BONO TURISTICO
  - ELIXE GALICIA

O programa Elixé Galicia, se desenvolverá entre o 10 de marzo e o 15 de novembro de 2021. Dirixido a xente nova menor de 30 anos, ás familias con fillos menores de idade e a pensionistas maiores de 55 anos, ata o de agora se rexistraron case 2.000 solicitudes para optar ás viaxes en 2021, polo que desde a Xunta anímase aos cidadáns a participar nun programa co que se busca fomentar o turismo interior fora de tempada alta.



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11001**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:19.141

galicia

Os interesados teñen que solicitar a súa praza, achegando toda a documentación solicitada, a través das axencias de viaxe ou da sede electrónica da Xunta. No caso de seren beneficiados, terán que solicitar a reserva da praza a partir de febreiro de 2021, un trámite no que se terá en conta a orde de inscrición e os condicionantes económicos. Todos os usuarios que obteñan abonarán un prezo fixo correspondente a prezos de tempada baixa e dependendo do programa no que se inscriban, mentres que a Xunta subvenciona o 40% da viaxe. Existen catro diferentes programas creados expresamente para este programa vacacional: Vacacións en zonas costeiras; rutas de patrimonio histórico e cultural; rutas de natureza e montaña e estancias en balnearios. As viaxes teñen unha duración de entre 3 a 5 días, moitos deles en fin de semana.

Aínda que inicialmente esta segunda convocatoria tiña previsto contar con algo máis de 6.500 prazas, a previsión é que Elix Galicia 2021 poida dispor de máis de 10.000 prazas, xa que se lle sumarán aquelas que non se cheguen a comercializar este ano.

O protocolo creado para este programa establece medidas tanto de limpeza como distanciamento social así como se estableceu un manexo seguro de equipaxes e do transporte de viaxeiros. Ademais da obrigatoriedade do uso da máscara e do xel hidroalcolico, no programa de actividades escolléronse provedores que implantaron medidas específicas anticovid e se estableceu un protocolo de actuacións en caso de posibles casos positivos. Tamén se adaptaron as visitas ás normativas hixiénico sanitarias, limitando aforamentos e evitando visitas a recursos turísticos nos que non se poda garantir un estrito control das medidas sanitarias vixentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11001**  
Data envío: 15/02/2021 15:27:19.141

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:27:15**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11113

Data envío: 16/02/2021 15:30:27.234

Data 16/02/2021 15:30

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1292**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a xestión dun posible positivo en covid-19 nunha explotación agrícola ou gandeira”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

En relación á previsión da Xunta de Galicia da posible aparición dun positivo en covid-19 nunha explotación, xa sexa de carácter agrícola ou gandeiro, o Goberno galego puxo en consideración, desde un primeiro momento, o seu compromiso para con estas.

Neste senso, é fundamental un protocolo para que as explotacións poidan subsistir, para os titulares das mesmas, pero tamén para a cadea de industria da alimentación en Galicia. Ao respecto, desde a Xunta ofrécese un sistema de substitución gratuíto, non só para as explotacións senón tamén para pequenas industrias agroalimentarias con persoal en corentena por mor da covid-19.

Este servizo está dotado con 1.600 días de traballo mediante cuadrillas de 2 persoas dotadas de vehículo e dos materiais de protección laboral e sanitarios fronte á covid-19. Este servizo ofrécese para substituír no seu traballo a aquel persoal en corentena pola covid-19 que desenvolva actividades esenciais dentro dunha explotación agrogandeira ou industria agroalimentaria, tendo en conta que a non realización destes labores esenciais provocaría grandes prexuízos no ciclo produtivo ou industrial, en moitos casos superiores a unha simple paralización da actividade.



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11113**  
Data envío: 16/02/2021 15:30:27.234

galicia

Ademais, é preciso destacar como esta medida vense sumar ao resto de iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar ao sector primario ante a pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11113**  
Data envío: 16/02/2021 15:30:27.234

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2021 15:30:23**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11110

Data envío: 16/02/2021 15:30:04.406

Data 16/02/2021 15:30



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1298**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das condicións laborais do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia adscrito ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, as razóns da paralización da convocatoria da mesa de negociación para o establecemento dun novo acordo na materia, así como sobre a actuación levada a cabo en relación co exercicio do dereito á folga polos técnicos dese servizo”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

A Xunta de Galicia non deixou de introducir melloras en materia de persoal, dotación de medios aéreos e terrestres, vixilancia, coordinación interadministrativa e xestión forestal no Servizo de Prevención e Extinción contra os Incendios Forestais.

A vontade negociadora foi e segue a continuar sendo unha das prioridades, e así é evidenciada polas melloras que xa se viñan plasmando nos últimos anos con outros colectivos en materia de formación, salarios, opcións para a suba de categoría ou a dotación de material. Cómpre destacar tamén a duplicidade no tempo de traballo, como é o caso dos fixos descontínuos que pasaron de traballar 3 meses en 2017 a 6 meses no 2020, entre outras melloras.

Só por medio dunha comunicación fluída, se acordou a suspensión da folga a finais de setembro do 2020, constituíndo a comisión negociadora para o acordo de novas melloras sobre as condicións do traballo do persoal técnico. Así mesmo, o Goberno



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11110**  
Data envío: 16/02/2021 15:30:04.406

galicia

galego non deixou de apelar á responsabilidade, á profesionalidade e á sensatez do corpo de técnicos desde o primeiro momento, dado que a folga foi convocada e mantida durante a temporada de alto risco de lumes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11110**  
Data envío: 16/02/2021 15:30:04.406

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2021 15:30:00**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:11:31  
Nº Rexistro: 10860  
Data envío: 12/02/2021 13:11:578  
Data 12/02/2021 13:11

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 1201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á posible incidencia da data da publicación da convocatoria e dos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto de 2020 no acceso ás axudas por xornada de inactividade durante o estado de alarma pola covid-19, así como no investimento da totalidade do orzamento destinado para ese fin, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 12, do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 23 de setembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 1202, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-09-23?part=fceed27b-1405-4c59-8fd5-5b0d214a3ebc&start=16370>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa e así, a Xunta reinvestirá no sector marítimo-pesqueiro o importe sobrance das axudas destinadas ás mariscadoras e mariscadores a pé que se viron afectados/as polo cese temporal da actividade como consecuencia da alerta sanitaria polo coronavirus. Neste sentido, así o establece a normativa europea que especifica que o destino das cantidades do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) ten que ser o sector e dentro del os diferentes subsectores como o marisqueo.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:11:31  
**Nº Rexistro: 10860**  
Data envío: 12/02/2021 13:11:31.578

A Xunta puxo máis de 5 millóns de euros a disposición dos profesionais de marisqueo a pé que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia e non puideron beneficiarse da prestación por cese de actividade habilitada trala declaración do estado de alarma. Esta contía procedente do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca asignado a Galicia e de fondos propios da Xunta está incluída no plan Avantemar de reactivación para o eido marítimo-pesqueiro coa finalidade de apoiar aos profesionais do sector marisqueiro que non se vían beneficiados polas medidas deseñadas polo Executivo estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:11:31**  
**Nº Rexistro: 10860**  
Data envío: 12/02/2021 13:11:31.578

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 13:11:28**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:09:58  
Nº Rexistro: 10849  
Data envío: 12/02/2021 13:09:58,390  
Data 12/02/2021 13:09

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 1256**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento que se lles está a dar, no caso da subvención concedida para o Museo do Mar de Noia, aos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 24 de maio de 2016 e aos obxectivos marcados na solicitude presentada polo Concello, así como sobre a valoración que fai da situación actual do material recollido durante anos”**, (publicada no BOPG número 12, do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, celebrada o 17 de setembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 1055.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2020-09-17?part=5f865c26-7d7b-493a-846c-d4ba704fe7bd&start=2703>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas ao Museo do Mar de Noia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:09:58**  
**Nº Rexistro: 10849**  
Data envío: 12/02/2021 13:09:58.390

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 13:09:55**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:08:31  
Nº Rexistro: 10847  
Data envío: 12/02/2021 13:08:31.390  
Data 12/02/2021 13:08

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 1366**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar a problemática que está a xerar a diminución dos recursos marisqueiros na Pobra do Caramiñal, o coñecemento das reiteradas reclamacións da confraría de pescadores referidas á apertura de canles de corrente no vial de acceso ao peirao comercial e a existencia dalgún estudo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 16, do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os portos da Pobra do Caramiñal e de Aguiño (Ribeira) son dous dos peiraos que se atopan entre os beneficiarios dos máis de 50 traballos de redacción de proxectos para melloras en distintos portos de Galicia que están en proceso de licitación por un importe global de 3,1 millóns de euros. Desta cantidade, máis de 126.000 euros correspóndese cos traballos de redacción de proxectos dos portos da Pobra do Caramiñal e de Aguiño.

Os traballos previos que se contemplan son estudos marítimos, ambientais, de patrimonio, de solo e estudos de alternativas, anteprojectos e proxectos construtivos. Un labor que é de gran valor para sacar adiante e da mellor forma posible as melloras nas zonas portuarias.

No caso do peirao da Pobra do Caramiñal os traballos que están en proceso de licitación son estudos relacionados coa axitación da ondaxe e as correntes, de alternativas e o anteprojecto e proxecto básico así como o proxecto construtivo, entre outras tarefas. Estes labores están enfocados á remodelación do acceso ao peirao comercial e á ampliación do atraque, accións nas que se contempla substituír parcialmente o acceso actual por unha solución permeable ás correntes, estudando as diferentes alternativas de solucións construtivas e o estudo da ampliación do atraque comercial cara ao interior do porto. Para estas actuacións o orzamento





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:08:31  
**Nº Rexistro: 10847**  
Data envío: 12/02/2021 13:08:31.390

total previo á licitación é de máis de 72.500 euros e antes de proceder con elas avaliaranse con detalle os aspectos relacionados co hidrodinamismo e as repercusións sobre os bancos marisqueiros.

Ademais para o peirao da Pobra tamén está en licitación o servizo de redacción de estudos ambientais e proxecto de dragaxe, que inclúe traballos de batimetría, analítica de áridos, tramitación ambiental e a redacción do proxecto. A maiores, Portos de Galicia ten finalizado o proxecto para mellorar os pantaláns do porto, co que se prevé substituír o pavimento, a reordenación de atraques e a instalación de novos fingers, entre outras actuacións que suman un investimento de 1,5 millóns de euros.

En relación ao porto de Aguiño, licítase o estudo de aspectos como a axitación de ondaxe e deseño de solucións no anteprojecto e proxecto básico, entre outras cuestións, para a creación de prazas de amarre e a mellora nas condicións operativas das descargas para as embarcacións menores que operan no porto. En concreto coa mirada posta na construción de pantaláns, mellora do abrigo e modificacións ou construcións de novas ramplas de descarga/varada. Neste caso o orzamento total previo á licitación de todos os traballos previstos é de máis de 53.500 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:08:31**  
**Nº Rexistro: 10847**  
Data envío: 12/02/2021 13:08:31.390

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 13:08:27**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10972  
Data envío: 15/02/2021 15:19:25.251  
Data 15/02/2021 15:19

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 1449**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para solucionar a situación que están a padecer os traballadores do mar de Costa da Morte, nomeadamente a consecuencia da non-substitución da baixa do facultativo no Centro Local de Sanidade Marítima de Corcubión, e para evitar o peche e reforzar o cadro de persoal dese centro, así como o de Muros”**, (publicada no BOPG número 16, do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar defende a necesidade de dotar aos centros do Instituto Social da Mariña (ISM) -dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones- do persoal necesario para realizar as súas funcións con total normalidade.

Así llo trasladou a conselleira do Mar ao director do Instituto Social da Mariña (ISM) nunha videoconferencia na que abordaron, entre outros temas, a situación do centro que o organismo ten en Corcubión. Neste encontro tamén participou o presidente da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

O Goberno galego trasladou ao representante do ISM as dificultades que provoca esta situación, entre elas a da obtención por parte dos profesionais do mar da zona dos recoñecementos médicos requiridos para embarcar.

Ademais demandou a extensión das prórrogas de vixencia dos certificados médicos de aptitude para o embarque, dos documentos de revisión dos botiquíns esixidos a bordo ou dos





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10972**  
Data envío: 15/02/2021 15:19:25.251

certificados de formación sanitaria co obxectivo de facer fronte ás dificultades administrativas derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10972**  
Data envío: 15/02/2021 15:19:25.251

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:19:21**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10982

Data envío: 15/02/2021 15:22:13.048

Data 15/02/2021 15:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1888**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o importe total destinado pola Consellería do Mar ás axudas extraordinarias de transformación dentro do plan Avantemar e os obxectivos que persegue esa orde de axudas”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego en consonancia coas peticións e indicacións de moitas entidades asociativas do sector, traballou para adoptar unha planificación a medio e longo prazo en termos sociais e económicos, artellando xa en xullo o plan AVANTEMAR.

Este plan supón unha inxección de 77 millóns de euros en 2020 e 14 millóns en 2021 no complexo mar-industria e contempla cinco liñas de apoio:

- Sustentabilidade: liquidez e financiamento xeral.
- Dinamización: solvencia xeral, empresas e profesionais.
- Adecuación e sostemento de actividades conexas.
- Proxección e reorientación económica e comercial.
- Adecuación e flexibilización administrativa.

Xunto coa flexibilización de taxas, algúns dos apoios máis destacados son os comprendidos na liña 2, dirixida ás empresas e profesionais:

- Frota activa e inactiva durante a covid-19.



Xacobeo 2021







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10982**  
Data envío: 15/02/2021 15:22:13.048

galicia

- Mariscadoras/es que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia.
- Organizacións de produtores.
- Transformación.
- Acuicultura
- Confrarías e entidades xestoras de lonxas.
- Redeiras

Dos 77 millóns de euros de 2020 do plan Avantemar unha parte importante foron articulados mediante as ordes de axudas para entidades xestoras de lonxas, redeiras, persoas mariscadoras a pé que cesaran a súa actividade e buques de pesca que seguisen traballando e que visen reflectida esa actividade en perdas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10982**  
Data envío: 15/02/2021 15:22:13.048

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:22:09**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10986  
Data envío: 15/02/2021 15:22:54.829  
Data 15/02/2021 15:22

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 2066**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a normativa vixente para o sector do marisqueo a pé, en concreto para as traballadoras do sector, en materia de medidas de prevención para afrontar a crise sanitaria xerada pola covid-19, no que atinxe ao uso de máscara”**, (publicada no BOPG número 19, do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo aprobouse o acordo sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e, así con este acordo, a esixencia de uso de máscaras no desenvolvemento da actividade do marisqueo é clara e pública.

Lembrar que con anterioridade, concretamente o día 16 de marzo déronse indicacións por parte da Consellería do Mar para o marisqueo a pé sobre como debería desenvolverse a actividade ante a alerta sanitaria, dando recomendacións para as persoas vulnerables e a posibilidade de adaptación dos plans de xestión ás circunstancias sobrevidas.

Namentres non existían instrucións directas e específicas por parte de Sanidade Marítima (Instituto Social da Mariña, competente ao respecto) e Capitanías Marítimas, ou desde o Ministerio de Sanidad, dende a Consellería do Mar realizamos tamén sendas recomendacións do emprego de máscaras para desenvolver a actividade en lonxas e buques pesqueiros.

Dende a Consellería do Mar adoptamos as medidas de protección necesarias, xa que todas as actuacións levadas a cabo, e sempre en coordinación coa Consellería de Sanidade, foron orientadas a protexer a vida dos profesionais do mar e frear os contaxios e, dispoñer posibilidades de seguir mantendo a súa actividade.

Lembrar as medidas adoptadas pola Consellería do Mar en apoio do marisqueo durante a pandemia da covid-19 e garantir a actividade do marisqueo en Galicia:





## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10986**  
Data envío: 15/02/2021 15:22:54.829

- **INDICACIÓNS DE TRABALLO:** Déronse indicacións sobre como debería desenvolverse a actividade ante a alerta sanitaria, dando recomendacións para as persoas vulnerables e a posibilidade de adaptación dos plans de xestión ás circunstancias sobrevidas.
- **REPARTO DE MEDIOS PREVENTIVOS:** entre o 8 e o 24 de abril levouse a cabo un reparto de 50.000 unidades de protección e máscaras nos distintos portos de Galicia para o seu uso polos profesionais da pesca, do marisqueo, das lonxas e do sector bateeiro. Esta acción completouse cun plan de desinfección de espazos portuarios dependentes do ente público.
- **SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE:** o control de moluscos bivalvos realizados polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño permitiron manter a venda dos recursos marisqueiros con todas as garantías. De feito, desde o 14 de marzo e ata o fin do estado de alarma, permitiron poñer no mercado un total de 15.000 tn de produtos do mar.
- **ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS:** permitiuse a posibilidade de deixar de traballar ás persoas dedicadas ao marisqueo ou á extracción de recursos específicos que por motivos de saúde sexan vulnerables á enfermidade ou teñan menores ao maiores ao seu cargo, sen que esa inactividade supuxera unha penalización de cara á renovación do seu permiso de explotación.
- **COMERCIALIZACIÓN:** fíxose un seguimento periódico de prezos e da actividade nas lonxas, realizando informes de caídas de vendas dos produtos propios do marisqueo e das caídas xerais das vendas en lonxa.

Por outra banda, lanzouse unha campaña de promoción do consumo de peixe, animando á cidadanía a consumir produtos do mar e ao mesmo tempo, agradecer o esforzo e a entrega dos nosos mariñeiros.

Amais, dentro do Plan Avantemar e co apoio do FEMP artelláronse axudas, publicadas no DOG o 13 de agosto, por un total de 5.214.413 euros coa finalidade de compensar ás mariscadoras e mariscadores pola paralización temporal da actividade de marisqueo a pé, a raíz da situación sanitaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10986**  
Data envío: 15/02/2021 15:22:54.829

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:22:51**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10983  
Data envío: 15/02/2021 15:22:32.501  
Data 15/02/2021 15:22

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 2131**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitarlles aos traballadores do mar o teren que facer en centros privados os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia, así como o seu custo, e as que vai a desenvolver para que esta poida ser pública e gratuíta no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 19, do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da situación plantexada nesta iniciativa derivada dunha decisión do Goberno central, competente na materia, xa que o 27 de xullo de 2020 o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana informaba a través do Director General de la Marina Mercante da adaptación dos certificados de suficiencia.

Dende a Consellería do Mar facilitaremos a programación da formación non regrada coa creación dunha plataforma dixital na que acceder á programación dos cursos planificados nos portos e centros de ensino regrado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10983**  
Data envío: 15/02/2021 15:22:32.501

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:22:29**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10990  
Data envío: 15/02/2021 15:23:42.845  
Data 15/02/2021 15:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 2301**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e Ramón Fernández Alfonso, sobre **“a valoración que fai a Consellería do Mar da evolución do sector marisqueiro nos últimos dez anos e da situación do marisqueo na ría de Ferrol, as actuacións levadas a cabo para garantir a produción marisqueira e as rendas das persoas mariscadoras, así como as previstas para garantir o mantemento dos actuais postos de traballo, a viabilidade das confrarías e reverter a actual situación”**, (publicada no BOPG número 23, do 30 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de decembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2302, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-12-10?part=49ffc26a-2e6e-4e21-85f7-a267af16fbbe&start=17463>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa e do compromiso da Xunta de Galicia coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros.

Dende o ano 2009 o Goberno autonómico traballa con diferentes actuacións e medidas, entre elas salientan as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10990**  
Data envío: 15/02/2021 15:23:42.845

de permisos de explotación marisqueira, que no caso do marisqueo a pé pasou de 123 no ano 2010 a 233 no 2019, e no caso do marisqueo a flote se estabilizou desde 2013.

A isto tamén contribuíu, a implantación do sistema de bateas de reinstalación no ano 2012, grazas ao que se puido retomar gran parte da actividade extractiva en toda a ría durante todo o ano e poñer no mercado 320 toneladas de marisco que xeraron 2,7 millóns de euros en primeira venda.

Ademáis, os máis de 40 proxectos de rexeneración aprobados desde o ano 2010 ás confrarías da ría aos que se unen os traballos con investimento propio da Consellería do Mar para mellorar o estado dos bancos, sumando arredor de dous millóns de euros de achega económica.

A maiores, lembrar que hai case un ano o Executivo autonómico empezou a analizar a posibilidade de desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción da ría.

Hai que lembrar tamén que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10990**  
Data envío: 15/02/2021 15:23:42.845

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:23:39**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 10988  
Data envío: 15/02/2021 15:23:563  
Data 15/02/2021 15:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 2317**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego e as que vai implementar a Consellería do Mar para evitar a situación que está a padecer a frota palangreira galega na actualidade, a consecuencia da acumulación de marraxo sen comercializar, así como a valoración que fai da limitación establecida para as capturas do marraxo”**, (publicada no BOPG número 23, do 30 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A preocupación do Goberno galego é máxima ante unha situación de bloqueo da comercialización do marraxo que prexudica seriamente aos barcos galegos de pesca de palangre de superficie.

Dende a Xunta de Galicia lamentamos a descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico sobre a comercialización desta especie e demandamos unha solución urxente para que se poida comercializar aquilo que xa foi capturado, sen causar prexuízos á frota, xa de por si castigada pola crise da covid-19.

O Goberno galego está en contacto permanente co sector e seguirá traballando e defendéndoo con argumentos e datos ante o Goberno central, a UE e a Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT) co obxectivo de evitar que se ocasionen prexuízos pola adopción de medidas de xestión nas que non se ten en conta a realidade do sector.

Galicia xa advertiu a finais de 2019 ao Executivo estatal dos prexuízos da decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica de establecer pola súa conta unhas cantidades de





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 10988**  
Data envío: 15/02/2021 15:23:27.563

captura de marraxo distintas e inferiores ás recomendadas no seu momento polo ICCAT para a axeitada xestión da especie.

Esta decisión levou a que por primeira vez se paralizase a pesqueira desta especie, deixando incluso parte das capturas paralizadas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 10988**  
Data envío: 15/02/2021 15:23:27.563

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:23:23**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:02:46  
Nº Rexistro: 10841  
Data envío: 12/02/2021 13:02:46.656  
Data 12/02/2021 13:02

Ref. Mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 2475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non procurar unha solución á titularidade dos terreos portuarios sen uso para a actividade dos portos e que teñen clara natureza urbana, así como a valoración que fai da posibilidade de iniciar un proceso de modificación normativa que permita aos concellos e Portos de Galicia unha negociación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 23, do 30 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende o Goberno galego lembramos que xa existe un procedemento normativo sobre a reversión de terreos portuarios aos concellos, así a tramitación dun expediente de reversión regúlase na Lei 6/2017, de 12 de decembro de portos de Galicia, e o regulamento da Lei de creación do ente público naqueles aspectos que non se opoñan a Lei 6/2017, na Lei de 22/1988 de Costas de Galicia, modificada o 31 de maio de 2013, así como o seu regulamento aprobado por RD 876/2014, e a Lei 5/2011, do patrimonio de Galicia.

Dende o Goberno galego lembramos tamén que xa temos iniciado o procedemento de negociación coa creación en xullo de 2018 dun grupo de traballo coa FEGAMP para analizar cuestións portuarias e, entre elas, a desafectación dos espazos de transición sen uso estritamente portuario.

O grupo de traballo coa FEGAMP mantivo unha evolución no tempo e así, mantivéronse varias xuntanzas dende 2019 para avaliar a situación e o primeiro paso foi recadar as solicitudes dos concellos sobre os espazos concretos da súa demanda e, postuláronse 18 zonas en 16 termos municipais. Tamén se iniciaron os traballos de revisión dos criterios técnicos que rexerán as posibles reversións de terreos ao Estado, o seu titular inicial, cuestión





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:02:46  
**Nº Rexistro: 10841**  
Data envío: 12/02/2021 13:02:46.656

na que Portos de Galicia amosou a vontade de flexibilizar os trámites sempre dentro dos límites que fixa a lexislación sectorial neste sentido.

Unha vez fixados os parámetros técnicos que rexen os trámites administrativos, o grupo de traballo comezou a traballar xa na tramitación de reversións concretas e deriváronse análises específicas de cada zona. Mantivéronse xuntanzas bilaterais con varios alcaldes e representantes municipais para avaliar a viabilidade e definición das áreas a ceder. Informar que algúns concellos nada remitiron para demandar esa cesión de espazos ou non iniciaron oficialmente os expedientes de reversión.

Cabe sinalar que a proposta de limitación temporal das prórrogas dos prazos concesionais que fai a interpretación restritiva do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e a súa plasmación normativa no artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética pode causar graves problemas na disposición das concesións de moitos espazos e infraestruturas públicas, entre eles tamén aos espazos cedidos por Portos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:02:46**  
**Nº Rexistro: 10841**  
Data envío: 12/02/2021 13:02:46.656

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 13:02:41**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:01:35  
Nº Rexistro: 10839  
Data envío: 12/02/2021 13:01:35.968  
Data 12/02/2021 13:01

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2774**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo”**, (publicada no BOPG número 27 do 7 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia congratúlase de que por fin o Goberno central inicie a licitación da dragaxe da ría do Burgo pois é algo que o Goberno autonómico viña demandando desde hai anos.

De feito, a Xunta de Galicia propuxo tanto a solución para o seu financiamento coma para superar os problemas postos polo Ministerio de cara á licitación. Trátase dunha obra fundamental para os veciños e para os profesionais do marisqueo da Coruña e da súa contorna.

Agora debe ser prioritario o deseño dun plan social con compensacións económicas para as persoas afectadas ante a suspensión da actividade durante as obras.

Malia que é o promotor da obra, o Goberno do Estado, quen debe facerse cargo das indemnizacións, o Goberno galego xa propuxo en xaneiro de 2019 un plan social coa participación das administracións estatal e autonómica e dos concellos da zona. Dous anos despois non temos resposta.

Tamén debemos demandar do Goberno central o compromiso para que o labor de recollida e reposición de semente (con 620.000 euros de fondos) sexa realizado polos mariscadores coa fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.

A Xunta está disposta a achegar 100.000 euros de fondos do orzamento de 2021 ao



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:01:35  
**Nº Rexistro: 10839**  
Data envío: 12/02/2021 13:01:35.968

galicia

plan social de apoio aos afectados e demandar achegas na mesma medida aos concellos ribeiregos e ao Goberno central ata acadar o millón de euros.

É unha mostra máis do compromiso da Xunta con este proxecto e cos coruñeses. Un compromiso que xa supuxo un investimento de máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo mediante actuacións efectuadas en apoio aos concellos.

Esas actuacións contribuíron a mellorar o estado e a calidade das augas da ría da Coruña e O Burgo desde 2009. De feito, nestes momentos non existe ningunha zona nesta área clasificada como C que impida o desenvolvemento normal da actividade extractiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:01:35**  
**Nº Rexistro: 10839**  
Data envío: 12/02/2021 13:01:35.968

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 13:01:32**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 13:00:03  
Nº Rexistro: 10838  
Data envío: 12/02/2021 13:00:03.609  
Data 12/02/2021 12:59

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4019**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación existente no Servizo de Gardacostas de Galicia, a valoración que fai do grao de cumprimento pola empresa Babcock España das cláusulas do contrato para a operación e o mantemento dos helicópteros e a súa opinión en relación coas melloras que supuxo a privatización do servizo, así como as súas previsións respecto da súa recuperación e xestión pública”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades garantir o servizo de salvamento marítimo nas máximas condicións de seguridade e, realiza con ese fin un seguimento exhaustivo das incidencias que poidan producirse e está en contacto permanente coa empresa para dar cumprimento ao contrato.

Así, en caso de incumprimento, a firma adxudicataria do servizo enfrontaríase ás penalizacións correspondentes, polo que a Xunta vela polo cumprimento do contrato e seguirá adoptando todas as medidas necesarias para garantilo.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria. Así, no ano 2018 acadouse un promedio de operatividade do 94,61%, no ano 2019 do 94,68% e, en 2020 rolda tamén estes valores.

Estes datos reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar.



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:00:03  
**Nº Rexistro: 10838**  
Data envío: 12/02/2021 13:00:03.609

galicia

O Servizo de salvamento marítimo depende nunha altísima porcentaxe do bo facer e a profesionalidade das tripulacións e do persoal que día tras día prestan os seus servizos neste campo. Estes traballadores cuxa excelencia ten sido recoñecida nalgúns casos con galardóns de importancia internacional, son a alma do Servizo, pero o conflito laboral que poida existir entre a empresa Babcock e os seus traballadores é una cuestión interna que debe dirimirse entre as partes e, no que a Administración autonómica carece de instrumentos para intervir.

Estamos ante un Servizo esencial de cuxa prestación dependen vidas humanas, de aí que non caiba facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo. Enorgullécenos de ser a primeira comunidade autónoma que conta con medios aéreos de salvamento e do extraordinario funcionamento deste Servizo, Servizo que pon a disposición de Salvamento Marítimo do estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operación e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.

En relación co incidente acaecido no mes de outubro de 2020 co helicóptero Pesca I con base en Vigo, cabe indicar o seguinte:

O día 11/10/2020 o helicóptero Pesca I tivo un evento que xerou a súa inoperatividade debido a unha avaría no sistema de inflado dos flotadores. Esta avaría produciuse como consecuencia dun voo de Adestramentos Recorrente e revalidación que se realizou en helicóptero en lugar de simulador, como sería o habitual, debido á imposibilidade de viaxar aos EEUU para facer a instrución en simulador por restricións derivadas da crise sanitaria do COVID-19.

Manter a cualificación no modelo é un requisito indispensable para poder pilotar as aeronaves e debe facerse con carácter anual.

Esta consellería ten constancia, pola documentación achegada pola empresa, que os repostos para reparar o sistema de inflado foron pedidos con carácter de urxencia, o mesmo día 11, ao fabricante en EEUU.

En circunstancias normais o pedido sería entregado nun prazo inferior a 3 días, pero debido ás restricións de viaxes derivadas da crise sanitaria orixinada polo COVID-19,






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 13:00:03  
**Nº Rexistro: 10838**  
Data envío: 12/02/2021 13:00:03.609



este pedido non foi entregado ata o día 6 de novembro, tratándose ademais dunha mercadoría catalogada de perigosa para o seu traslado en avión (material pirotécnico necesario para activar el sistema de inflado).

Por outra parte, nese momento a empresa contratista non podía dispoñer do helicóptero de substitución xa que estaba no seu período de mantemento anual.

Ante esta situación, decidiuse reprogramar o mantemento do helicóptero de substitución para que entrara en servizo canto antes e namentres utilizar o Pesca I limitando o seu radio de acción a 20 millas náuticas desde a costa.

Non obstante, e a pesar destas circunstancias atenuantes a consellería tramitou un expediente que finalizou coa imposición dunha penalidade de 24.505 €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 13:00:03**  
**Nº Rexistro: 10838**  
Data envío: 12/02/2021 13:00:03.609

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:59:59**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:59:01  
Nº Rexistro: 10835

Data envío: 12/02/2021 12:59:01.781

Data 12/02/2021 12:58



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4223**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da existencia de prazas vacantes de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense e as previsións de Portos de Galicia respecto do restablecemento do servizo co número de profesionais asignados a cada un deles”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a ultimar a actualización da relación de postos de traballo, que inclúe novos funcionarios para ámbolos dous Portos, concretamente un xefe de gardamuelles en Burela e un novo gardamuelles no Porto de Celeiro.

Así incorporaranse ao cadro de persoal de Portos de Galicia una vez estea en vigor a nova relación de postos de traballo que se está a ultimar cos representantes dos traballadores.

A Xunta de Galicia é coñecedora das demandas dos usuarios e por iso se están a cubrir estas vacantes dotando de máis servizos e máis seguridade aos Portos de Burela e Celeiro e dando polo tanto resposta ao sector pesqueiro da Mariña lucense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:59:01**  
**Nº Rexistro: 10835**  
Data envío: 12/02/2021 12:59:01.781

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:58:58**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11007

Data envío: 15/02/2021 15:29:07.251

Data 15/02/2021 15:29



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4460**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mecanismo establecido ou previsto polo Goberno galego para compensar economicamente ás persoas mariscadoras durante o cesamento da súa actividade pola execución dos traballos de rexeneración da ría da Coruña, así como o establecemento nel, como contrapartida, da posibilidade de realizar traballos de mellora, rexeneración ou similares por ese colectivo”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia congratúlase de que por fin o Goberno central inicie a licitación da dragaxe da ría do Burgo pois é algo que o Goberno autonómico viña demandando desde hai anos.

De feito, a Xunta de Galicia propuxo tanto a solución para o seu financiamento coma para superar os problemas postos polo Ministerio de cara á licitación.

Trátase dunha obra fundamental para os veciños e para os profesionais do marisqueo da Coruña e da súa contorna.

Agora debe ser prioritario o deseño dun plan social con compensacións económicas para as persoas afectadas ante a suspensión da actividade durante as obras.

Malia que é o promotor da obra, o Goberno do Estado, quen debe facerse cargo das indemnizacións, o Goberno galego xa propuxo en xaneiro de 2019 un plan social coa participación das administracións estatal e autonómica e dos concellos da zona. Dous anos despois non temos resposta.

Tamén debemos demandar do Goberno central o compromiso para que o labor de



Xacobeo 2021






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11007**  
Data envío: 15/02/2021 15:29:07.251



recollida e reposición de semente (con 620.000 euros de fondos) sexa realizado polos mariscadores coa fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.

A Xunta está disposta a achegar 100.000 euros de fondos do orzamento de 2021 ao plan social de apoio aos afectados e demandar achegas na mesma medida aos concellos ribeiregos e ao Goberno central ata acadar o millón de euros.

É unha mostra máis do compromiso da Xunta con este proxecto e cos coruñeses. Un compromiso que xa supuxo un investimento de máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo mediante actuacións efectuadas en apoio aos concellos.

Esas actuacións contribuíron a mellorar o estado e a calidade das augas da ría da Coruña e O Burgo desde 2009. De feito, nestes momentos non existe ningunha zona nesta área clasificada como C que impida o desenvolvemento normal da actividade extractiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11007**  
Data envío: 15/02/2021 15:29:07.251

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:29:04**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:55:18  
**Nº Rexistro: 10831**

Data envío: 12/02/2021 12:55:18.312

Data 12/02/2021 12:55



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4705**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do sector marisqueiro da ría de Noia”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou máis de 85.000 análises en 2019 e emitiu máis de 7.400 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notificanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:55:18  
**Nº Rexistro: 10831**  
Data envío: 12/02/2021 12:55:18.312

galicia

controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Así, isto foi o que ocorreu nun recente peche cautelar decretado na ría de Muros e Noia, no que tralo autocontrol realizado pola confraría que mostraba valores superiores ao límite legal se decidiu pechar a actividade de xeito preventivo, a pesares de que as análises realizadas polo Intecmar mostraban valores moi inferiores ao límite legal. De feito, foron ata 13 as análises de toxicidade realizadas nun período de dúas semanas que ofreceron índices por debaixo dese límite, polo que non había risco para o consumidor.

A Xunta considera que o autocontrol é unha boa práctica por parte do sector e complementa os controis oficiais pero lembra que o Intecmar é o laboratorio de control oficial, acreditado desde 1999 e que emprega nas analíticas o método de referencia ao tempo que conta cuns resultados e unha traxectoria que avalan o seu bo facer”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:55:18**  
**Nº Rexistro: 10831**  
Data envío: 12/02/2021 12:55:18.312

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:55:10**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:54:09  
Nº Rexistro: 10829

Data envío: 12/02/2021 12:54:09.171

Data 12/02/2021 12:54



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4711**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia dos prexuízos ocasionados ao sector marisqueiro por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles, pola demora na obtención dos resultados das análises da calidade das augas”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou máis de 85.000 análises en 2019 e emitiu máis de 7.400 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notificanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así



Xacobeo 2021







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:54:09  
**Nº Rexistro: 10829**  
Data envío: 12/02/2021 12:54:09.171

galicia

como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Así, isto foi o que ocorreu nun recente peche cautelar decretado na ría de Muros e Noia, no que tralo autocontrol realizado pola confraría que mostraba valores superiores ao límite legal se decidiu pechar a actividade de xeito preventivo, a pesares de que as análises realizadas polo Intecmar mostraban valores moi inferiores ao límite legal. De feito, foron ata 13 as análises de toxicidade realizadas nun período de dúas semanas que ofreceron índices por debaixo dese límite, polo que non había risco para o consumidor.

A Xunta considera que o autocontrol é unha boa práctica por parte do sector e complementa os controis oficiais pero lembra que o Intecmar é o laboratorio de control oficial, acreditado desde 1999 e que emprega nas analíticas o método de referencia ao tempo que conta cuns resultados e unha traxectoria que avalan o seu bo facer”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:54:09**  
**Nº Rexistro: 10829**  
Data envío: 12/02/2021 12:54:09.171

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:54:06**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2021 12:51:17  
Nº Rexistro: 10827  
Data envío: 12/02/2021 12:51:17.359  
Data 12/02/2021 12:51

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5211**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á necesidade de compensar economicamente o sector marisqueiro e a confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo e as súas intencións respecto da realización das actuacións precisas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia congratúlase de que por fin o Goberno central inicie a licitación da dragaxe da ría do Burgo pois é algo que o Goberno autonómico viña demandando desde hai anos.

De feito, a Xunta de Galicia propuxo tanto a solución para o seu financiamento coma para superar os problemas postos polo Ministerio de cara á licitación.

Trátase dunha obra fundamental para os veciños e para os profesionais do marisqueo da Coruña e da súa contorna.

Agora debe ser prioritario o deseño dun plan social con compensacións económicas para as persoas afectadas ante a suspensión da actividade durante as obras.

Malia que é o promotor da obra, o Goberno do Estado, quen debe facerse cargo das indemnizacións, o Goberno galego xa propuxo en xaneiro de 2019 un plan social coa participación das administracións estatal e autonómica e dos concellos da zona. Dous anos despois non temos resposta.



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/02/2021 12:51:17  
**Nº Rexistro: 10827**  
Data envío: 12/02/2021 12:51:17.359

galicia

Tamén debemos demandar do Goberno central o compromiso para que o labor de recollida e reposición de semente (con 620.000 euros de fondos) sexa realizado polos mariscadores coa fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.

A Xunta está disposta a achegar 100.000 euros de fondos do orzamento de 2021 ao plan social de apoio aos afectados e demandar achegas na mesma medida aos concellos ribeiregos e ao Goberno central ata acadar o millón de euros.

É unha mostra máis do compromiso da Xunta con este proxecto e cos coruñeses. Un compromiso que xa supuxo un investimento de máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo mediante actuacións efectuadas en apoio aos concellos.

Esas actuacións contribuíron a mellorar o estado e a calidade das augas da ría da Coruña e O Burgo desde 2009. De feito, nestes momentos non existe ningunha zona nesta área clasificada como C que impida o desenvolvemento normal da actividade extractiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2021 12:51:17**  
**Nº Rexistro: 10827**  
Data envío: 12/02/2021 12:51:17.359

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2021 12:51:13**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11017

Data envío: 15/02/2021 15:32:25.938

Data 15/02/2021 15:32



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5287**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego en relación coa desaparición dun lote de berberechos nunha batea do Centro de Investigacións Mariñas de Vilanova de Arousa e as medidas adoptadas desde o ano 2016 para evitar a repetición destes feitos”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de decembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 5162. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2020-12-04?part=f1889b57-fca6-4156-9d70-ccf8047ab875&start=1126>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa sobre a desaparición de arredor de 5.200 individuos de berberecho que estaban nunha batea instalada na ría de Arousa e pertencían a un proxecto de investigación do CIMA denominado Croquedous. Este suceso foi posto en coñecemento da Garda Civil e a iniciativa tiña como obxectivo a obtención de estirpes resistentes ao parasito Marteilia cochillia mediante engorde en batea de semente producida en criadeiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11017**  
Data envío: 15/02/2021 15:32:25.938

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:32:22**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11232

Data envío: 17/02/2021 16:02:30.097

Data 17/02/2021 16:02



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5737**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do sistema que está a utilizar para a distribución entre as embarcacións do cerco de Galicia das cinco licenzas para faenaren simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco, e as súas intencións respecto do deseño e da aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema para ese fin”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

*“O Decreto 204/1994, de 7 de junio, por el que se regula el ejercicio de la pesca con determinadas artes en las costas del País Vasco, prohíbe a pesca por medio de artes de cerco dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Euskadi. Non obstante o art. 3 do citado decreto establece que o Departamento de Desarrollo Económico e Infraestructuras poderá outorgar autorizacións temporais para o exercicio da pesca con artes de cerco en augas interiores do País Vasco.*

Os criterios de outorgamento destas autorizacións foron aprobados con data do 9 de setembro de 2008 e entre as condicións remitidas polo devandito Departamento atópanse a autorización dun máximo de 5 embarcacións de xeito simultáneo e a comunicación do nome das embarcacións autorizadas semanalmente.



Xacobeo 2021







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11232**  
Data envío: 17/02/2021 16:02:30.097

galicia

Así, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica encárgase dende o ano 2008, de realizar esta xestión facendo de intermediario entre o Goberno da Comunidade Autónoma do País Vasco e as asociacións interesadas. Dende esa data, a operativa non tivo modificacións substanciais e foi sempre coñecida polas asociacións solicitantes.

Antes do inicio de cada campaña, recíbense nesta Dirección Xeral as solicitudes para faenar en augas interiores do País Vasco e no orde no que van chegando remítense á Comunidade Autónoma de Euskadi para que esta Comunidade, de ser o caso, proceda a emitir as autorizacións oportunas.

No momento que se reciben na Dirección Xeral as devanditas autorizacións son remitidas ás asociacións solicitantes. E así, unha vez recibida a autorización, a entidade solicitante correspondente deberá comunicar aqueles barcos da súa Asociación que estean interesados.

Tendo en conta que, por unha banda, non poden entrar mais de cinco embarcacións simultaneamente por semana e que, por outra banda, o número de solicitudes é superior a esa cantidade, se lles solicita as asociacións que establezan unha orde de preferencia respecto das embarcacións que envían.

Como criterio, para elaborar o listado definitivo, escóllese unha embarcación por asociación seguindo a orde de prioridade proposta e numérase segundo a orde de chegada da solicitude. Precisamente faise así para que accedan embarcacións do maior número posible de asociacións.

Informar que son varias as reunións e escritos onde ACERGA manifestou o seu malestar respecto á forma de tramitación e asignación destas licencias, incidindo no feito do número de asociados que teñen, pero sen que fagan referencia que a maioría dos seus asociados non se desprazan de Galicia polo que non necesitarían de estes permisos, e mesmo que esta asociación non



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11232**  
Data envío: 17/02/2021 16:02:30.097

galicia

solicita autorización ningunha en moitas ocasións.

Tal vez habería que ter en conta que a flota de cerco non é homoxénea nin en tamaño nin en forma de traballar, polo que o número de asociados non pode ser determinante, xunto co feito de que hai liberdade de asociación a pertenza a unha asociación non impide estar noutra.

Por todo o anterior, dende a Consellería do Mar, insistir en que o sistema de reparto existe é transparente e equitativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11232**  
Data envío: 17/02/2021 16:02:30.097

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 16:02:27**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11022**

Data envío: 15/02/2021 15:33:24.673

Data 15/02/2021 15:33

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5769**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **“as xestións realizadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á recuperación marisqueira da ría de Ferrol e á protección económica e social das persoas mariscadoras da ría”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ratifica o seu compromiso coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros. Isto reflicte a disposición do Goberno galego a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo marisqueo.

Este é un cometido no que vén traballando o Goberno autonómico desde o ano 2009 con diferentes actuacións e medidas. Entre elas as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra de permisos de explotación marisqueira, que no caso do marisqueo a pé pasou de 123 no ano 2010 a 233 no 2019, e no caso do marisqueo a flote se estabilizou desde 2013.

A isto tamén contribuíu a implantación do sistema de bateas de reinstalación no ano 2012, grazas ao que se puido retomar gran parte da actividade extractiva en toda a ría durante todo o ano e poñer no mercado 320 toneladas de marisco que xeraron 2,7 millóns de euros en primeira venda.

Lembrar ademais que foron máis de 40 proxectos de rexeneración aprobados desde o ano 2010 ás confrarías da ría aos que se unen os traballos con investimento propio da Consellería do Mar para mellorar o estado dos bancos, sumando arredor de dous millóns de euros de achega económica.



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11022**  
Data envío: 15/02/2021 15:33:24.673

galicia

Ademais hai case un ano o Executivo autonómico empezou a analizar a posibilidade de desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción da ría.

Neste labor a favor do sector marítimo-pesqueiro da zona, o único apoio co que contou a Xunta foi o da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Neste sentido, hai que lembrar que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11022**  
Data envío: 15/02/2021 15:33:24.673

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:33:21**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11230

Data envío: 17/02/2021 16:02:14.269

Data 17/02/2021 16:02



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5885**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aprobación e o establecemento dun protocolo de actuación específico no caso de chegada aos portos de Galicia de barcos con membros das súas tripulacións contaxiados pola covid-19”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, celebrada o 15 de decembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 780.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2020-12-15?  
part=13a6277a-f5a3-49e9-b306-c2fb004e21fa&start=293](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2020-12-15?part=13a6277a-f5a3-49e9-b306-c2fb004e21fa&start=293)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa sobre o labor realizado pola Xunta desde o inicio da alerta sanitaria polo coronavirus para dar apoio ao sector pesqueiro e lamentou que o Goberno do Estado non respondese ás reiteradas peticións do Executivo galego para que establecese un protocolo de actuación fronte aos casos de covid-19 rexistrados a bordo dos buques pesqueiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11230**  
Data envío: 17/02/2021 16:02:14.269

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 16:02:08**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11027**

Data envío: 15/02/2021 15:34:29.438

Data 15/02/2021 15:34



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6595**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co paso do buque Sevmorput polas costas galegas”**, (publicada no BOPG número 66 do 22 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non recibiu ningunha notificación relacionada co buque ruso Sevmorput. Non obstante, trátase dun asunto de tráfico marítimo que regulan o Goberno do Estado e a Organización Marítima Internacional (OMI).

Para facer a súa travesía cara a Rusia pasou polo Dispositivo de Separación de Tráfico de Fisterra, dependente de Salvamento Marítimo do Estado, a quen debeu reportarlle o seu estado e situación.

O Goberno galego estivo pendente deste caso e informado a través do Executivo central sobre a situación deste buque que, segundo a información que trasladou, realizou travesía cara a Rusia sen novidade e non sen detectou ningún resto radiolóxico.

Entendemos que de haber calquera incidencia Salvamento Marítimo adoptaría as medidas de continxencia oportunas e, informaría ao resto de autoridades ribeiregas, caso do Servizo de Gardacostas de Galicia, para estar alerta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11027**  
Data envío: 15/02/2021 15:34:29.438

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:34:26**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11213**

Data envío: 17/02/2021 15:59:02.487

Data 17/02/2021 15:58



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, así como o orzamento que vai destinar para a súa aplicación”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, xa dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica:

- Na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020 cun enfoque baseado na inclusión social activa.

As medidas que contén pódense continuar executando ata 2023 (en liña co marco financeiro dos fondos europeos), pero a Consellería de Política Social iniciará de inmediato a avaliación da Estratexia para coñecer en detalle a eficacia das medidas de abordaxe da pobreza e exclusión e apuntar axustes e melloras a introducir na futura estratexia de inclusión, prevista para o período 2021-2027.

- e na Axenda Social Única de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais –



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11213**  
Data envío: 17/02/2021 15:59:02.487

galicia

Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social.

Actualmente a Xunta está a traballar na actualización e ampliación deste plan de actuación para o período 2021-2024, destacando que no período 2016-2020 logrou facer realidade o 96% das medidas daquela recollidas cun investimento de máis de 160 millóns de euros anuais.

Para o desenvolvemento das medidas expostas, a Xunta ven realizando un importante esforzo orzamentario nos últimos anos.

Neste senso, a Dirección Xeral de Inclusión Social pertencente á Consellería de Política Social conta en 2021 co presuposto máis elevado da súa historia: 125,5 millóns de euros, un 4,5% máis que en 2020. Así mesmo, as medidas pertencentes á área competencial doutros departamentos da Administración Autonómica contan co seu propio crédito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11213**  
Data envío: 17/02/2021 15:59:02.487

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:58:59**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11102

Data envío: 16/02/2021 15:28:39.187

Data 16/02/2021 15:28



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 617**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

No ano 2020, a través do programa Bono Coidado extraordinario, a Consellería de Política Social deu resposta á situación das familias que tiveron que exercer o coidado dos nenos, nenas e adolescentes no momento de suspensión da actividade lectiva.

A través deste programa, a Xunta de Galicia tramitou a concesión de axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata 12 anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo de suspensión de actividade nas escolas infantís 0-3 e centros de ensino non universitario como consecuencia da evolución da epidemia da Covid-19.

Ao mesmo tempo, en relación coas actuacións para evitar o risco de exclusión social, a Xunta de Galicia coordinou a actuación intensiva nos centros de atención de día que prestan servizo a familias con menores en situación de risco especialmente durante o tempo que durou o confinamento domiciliario e con el a suspensión da actividade lectiva.

Estas actuacións encádranse dentro da planificación da Xunta de Galicia para dar cobertura ás distintas circunstancias derivadas da suspensión da actividade lectiva

Sen embargo, as posibilidades de conciliación mudaron completamente desde o mes de setembro, toda vez que ese mes comezou o curso escolar 2020-21 coa apertura total de centros tanto na rede de centros de ensino dependentes da Consellería de



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11102**  
Data envío: 16/02/2021 15:28:39.187

galicia

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coma no conxunto da rede de escolas infantís 0-3 anos, da que forman parte tanto as escolas dependentes da Xunta de Galicia como as de iniciativa social, as escolas privadas e as que son titularidade doutras administracións.

Os datos sobre a incidencia da Covid-19 recompilados pola Xunta de Galicia desde o inicio do curso confirman que a actividade escolar estase a desenvolver con total normalidade e os centros educativos son espazos totalmente seguros. Isto é así grazas, entre outros motivos, ao bo traballo desenvolvido polos profesionais destes centros -que merece todo o recoñecemento do Goberno galego- e pola aplicación dos distintos protocolos sanitarios aprobados polo Comité Clínico que asesora á Xunta.

En todo caso, a Xunta de Galicia segue traballando na aprobación de programas que incrementen aínda máis as posibilidades de conciliación das familias galegas, pero tendo en conta que a día de hoxe a principal ferramenta de conciliación das familias (as escolas infantís 0-3 no caso dos nenos e nenas de ata tres anos) está a funcionar con normalidade, xa que máis do 99% dos centros está aberto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11102**  
Data envío: 16/02/2021 15:28:39.187

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2021 15:28:36**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11202

Data envío: 17/02/2021 15:57:09

Data 17/02/2021 15:57



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatría no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Concello de Arteixo ten un servizo de Atención Primaria que abrangue o propio concello, e que presta nos centros de saúde de Arteixo, Vilarrodís e Meicende. Dispón de 17 médicos de familia, 14 profesionais de enfermaría, 4 pediatras e 9 profesionais de servizos xerais. Ademais dispón, coa correspondente dotación de profesional, dos servizos de matrona, farmacia sanitaria, odontoloxía, hixiene bucodental, traballo social e fisioterapia. Ademais desta atención ordinaria, a continuidade asistencial en quenda de tarde-noite e festivos está garantida polo Punto de Atención Continuada que os 365 días do ano se presta no PAC de Arteixo.

Os nenos do Concello de Arteixo teñen unha magnífica atención pediátrica con profesionais de moi alto nivel que prestan atención aos 4.200 menores de 15 anos deste concello. No consultorio de Meicende dáse asistencia os luns, martes, xoves e venres aos 763 nenos adscrito, e a mesma pediatra consulta o mércores no de Vilarrodís.

Hoxe desde Sanidade falar de prazos é moi complicado por mor da situación que



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11202**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:07.909

galicia

estamos a vivir, unha situación dunha pandemia sen precedentes, polo que hai que adaptarse en cada momento. O principal interese é que existan espazos seguros que temos que garantir para os nosos pacientes e tamén para os nosos profesionais.

Algúns consultorios como infraestruturas non reúnen as garantías que se precisan para que sexan espazos seguros, xa que non teñen posibilidade de espazos separados para o acceso de pacientes sospeitosos de Covid independente do resto dos pacientes. Non dispoñen de salas independentes para albergar aos pacientes mentres esperan ser atendidos polos facultativos ou enfermeiras do centro independentes ou separados do resto das persoas que acudan ao centro de saúde.

Ademais das dificultades estruturais engádense outras situacións que son tamén ben coñecidas e que non soamente ocorren en Galicia. As baixas laborais nun centro pequeno teñen un maior impacto que nun centro maior, onde traballan mais profesionais, nun centro con mais profesionais. Sempre se poden producir baixas e a falta de médicos nas listas de contratación é coñecida por todos e non se lle pode dar unha solución inmediata.

Co desprazamento do persoal dos consultorios aos centros de saúde o que se pretende é unificar esforzos para poder dar a mellor atención sanitaria a poboación nestes momentos nos que estamos a vivir unha pandemia sen precedentes.

Falar de prazos é complicado, falar de prazos mentres non temos vacina, mentres non sabemos cara onde vai camiñar a pandemia. Estamos nunha situación de incerteza, que é a realidade que temos agora mesmo en Galicia que si ben estamos moito mellor que outras comunidades temos que estar preparados por se a situación vai a peor.

Os peches de consultorios son situacións transitorias, e non existe intención por parte do Servizo Galego de Saúde de que se convertan en definitivas, de feito farase un esforzo para poder ir abrindo certa parte da actividade dos mesmos.

A situación na que estamos non é a que desexamos pero ven condicionada pola pandemia e nestes momentos é a que mellor garante a atención sanitaria da



**Xacobeo 2021**






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11202**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:07.909



poboación. Queremos ofrecer espazos seguros e que a poboación teña garantida a asistencia sanitaria nas mellores condicións posibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11202**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:07.909

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:57:04**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 11199

Data envío: 17/02/2021 15:56:45.409

Data 17/02/2021 15:56



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1129**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa evolución en Galicia da covid-19”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos xa se están a publicar os datos de incidencia do virus en cada concello. Non se trata de números absolutos senón da taxa de persoas infectadas, unha porcentaxe segundo o número de habitantes. Deste modo poderase coñecer como afecta a pandemia a cada un dos concellos o que podería axudar aos alcaldes a tomar decisións.

Desde a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde séguese a Estratexia de Detección Precoz, Vixilancia e control da COVID-19, baseada na evidencia científica, nos documentos da Organización Mundial da Saúde e do propio Ministerio de Sanidade.

Esta estratexia baséase na detección temperá de todo novo caso de infección e tamén no estudo, corentena e seguimento dos seus contactos.

Unha estratexia que permite ademais o diagnóstico precoz da infección nos contactos estreitos que poden iniciar síntomas e o establecemento de medidas que favorezan a contención precoz das fontes de contaxio e por tanto eviten a transmisión do virus.

No que respecta a detección temperá dos casos e a identificación e o seguimento dos contactos cóntase cun modelo flexible, baseado na xestión por procesos e integrado



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11199**  
Data envío: 17/02/2021 15:56:45.409

galicia

por distintos equipos humanos que permiten realizar estas actividades en distintos ámbitos e niveis asistenciais.

Seguimos atentamente os datos sobre o proxecto de investigación que se está a realizar pola Universidade da Coruña en augas residuais aínda que neste momento consideramos que non nos permiten a toma de decisións para establecer actuacións específicas máis alá do que os datos epidemiolóxicos que xa se obteñen de forma rutineira doutras fontes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11199**  
Data envío: 17/02/2021 15:56:45.409

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:56:42**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11208**

Data envío: 17/02/2021 15:58:16.956

Data 17/02/2021 15:58



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1312**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da xestión e do financiamento na actualidade do Fogar Infantil Emilio Romy, da Coruña, e do Centro de Menores de Ferrol pola Deputación Provincial da Coruña, así como sobre a data prevista para a súa asunción”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 50 da Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia establece que:

*‘1. Corresponde ás entidades locais, no marco do disposto na lexislación estatal e autonómica reguladora do réxime local e dos servizos sociais, a detección, valoración e intervención nas situacións de risco de calquera índole e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos e privados.’*

Esta mesma previsión se realiza no Decreto 42/2000 polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia:

*‘Artigo 27º.-Competencias atribuídas aos municipios nesta materia.*

*Corresponden aos municipios, sen prexuízo do disposto na lexislación de réxime local e na Lei galega de servizos sociais, as seguintes funcións:*







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11208**  
Data envío: 17/02/2021 15:58:16.956

galicia

*1. A prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco nas que poidan atoparse os menores.*

*Enténdese por situación de risco, aquela en que poida atoparse o menor cando, por mor das súas circunstancias persoais, familiares ou por influencias da súa contorna, estea a prexudicarse o seu desenvolvemento persoal ou social, sen chegar a conseguir a gravidade suficiente para xustificar a declaración de desamparo e a separación do menor da súa familia.*

*Nas situacións de risco, a actuación administrativa dirixirase a procurar as necesidades básicas do menor, mellorando o seu medio familiar e eliminando os factores de risco.*

*2. A comunicación á delegación provincial competente dunha posible situación de desamparo e a colaboración no seguimento das medidas de protección adoptadas pola Xunta de Galicia.'*

Pola súa banda, o artigo 53 da Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle que 'De conformidade cos artigos 5 e 7 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia, a través do departamento competente, a declaración da situación de desamparo das persoas menores que residan ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma galega, sen prexuízo das competencias que, sobre estas últimas, puidesen ter outras administracións públicas.'

Polo tanto, a normativa deixa claramente establecida a competencia para o coñecemento e actuación nas situacións de risco de nenos, nenas e adolescentes ás entidades locais onde residen.

Cómpre aclarar tamén que o recurso de atención de día na infancia está establecido como unha medida de apoio á familia a través da que se dá cobertura ás necesidades da persoa menor e se promove a mellora do seu medio familiar co fin de preservar a convivencia e evitar a separación deste.

Polo tanto, a atención de día resulta fundamentalmente un recurso de prevención e



**Xacobeo 2021**






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11208**  
Data envío: 17/02/2021 15:58:16.956



actuación ante as situacións de risco leve ou moderado onde a competencia corresponde, tal e como establece a normativa estatal e autonómica, ás entidades locais.

O centro de menores de Ferrol é un centro de atención de día ao que acoden nenos, nenas e adolescentes sobre os que a Xunta de Galicia non ten asumida ningunha medida de protección por situación de risco grave ou desamparo, é dicir, non se exerce por parte da Administración Autonómica a garda ou a tutela sobre eles, e polo tanto, non é un recurso que utilice a Xunta de Galicia para o exercicio das súas competencias.

Pola súa parte, A Xunta de Galicia subscribe dende hai máis de 30 anos un convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a atención de 27 menores, tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia, no centro Fogar Infantil Emilio Romay.

Así, das 56 prazas que ten o Fogar Infantil Emilio Romay, a Xunta de Galicia participa en 27 delas a través deste instrumento xurídico de colaboración polo que a Deputación Provincial da Coruña pon a disposición da Xunta de Galicia estas prazas por unha contía determinada que foi evolucionando, de modo que desde o ano 2017 a contía anual que destina a Xunta de Galicia tense duplicado, ao pasar dos 153.614,99 euros aos 325.904,8 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11208**  
Data envío: 17/02/2021 15:58:16.956

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:58:14**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11205**

Data envío: 17/02/2021 15:57:54.362

Data 17/02/2021 15:57



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1373**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun servizo de garda de Neurocirurxía de vinte e catro horas e a creación dunha unidade de ictus no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como o desenvolvemento da totalidade do programa Código ictus no conxunto do territorio de Galicia”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos 10 anos (década) as inversións en materia de sanidade en Lugo foron cuantiosas, apertura do HULA, obras de ampliación Hospital da Mariña, obras no Hospital de Monforte...

Incrementouse o persoal de xeito moi importante, por exemplo soamente no HULA en máis de 200 enfermeiras, que a día de hoxe están estabilizadas. Tamén en persoal facultativo na maioría dos servizos do Hospital. Incrementouse a carteira de servizos do HULA, con novas áreas de servizo como: Hemodinámica, Electrofisioloxía Cardíaca, Rehabilitación cardíaca, Medicina Nuclear, Radioterapia... Pero sobre todo, incrementouse a complexidade dos procesos asistenciais que fan todos os servizos do HULA.

O HULA ten creado dende o ano 2016 un Equipo de Ictus. A existencia deste equipo de ictus ven creada no Plan de Asistencia ao Ictus en Galicia. O Equipo de ictus trátase dun grupo de profesionais que están formados por un grupo móbil interdisciplinario que traballa de forma conxunta para asegurar a mellor atención ao



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11205**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:54.362

galicia

paciente en cada momento. O número de profesionais que integran o equipo será diferente segundo o grao de complexidade do hospital, e a súa composición variará ao longo da enfermidade para adaptarse ás necesidades do paciente na fase aguda e durante o proceso de rehabilitación.

Neste hai un neurólogo responsable, experto en ictus, coordinando e dando apoio profesional nas diferentes fases da enfermidade. No HULA, igual que en Monforte e Burela, atendese a patoloxía do ictus, de acordo cos criterios establecidos no Plan Galego de asistencia o ictus, dunha forma precoz e realizando lisis do trombo, mellorando dun xeito manifesto a efectividade no tratamento desta patoloxía.

Estase a traballar dun xeito integrado na mellora da atención dos pacientes neurolóxicos, mellorando a dotación de material e a atención continuada destes pacientes. O HULA xa conta cunha garda de Neurocirurxía 24 horas, os 365 días do ano (garda localizada) e tamén conta con garda de neurocirurxía de presenza física.

No tratamento do ictus na fase aguda non interveñen os neurocirurxiáns.

O tratamento do ictus faise de acordo co establecido no Plan Galego do ictus, e aplícase nos tres hospitais de Lugo.

O Plan de Asistencia ao Ictus en Galicia xa está implantado por completo en Galicia dende o ano 2016”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11205**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:54.362

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:57:51**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11203**

Data envío: 17/02/2021 15:57:38,784

Data 17/02/2021 15:57



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar no concello da Pontenova, as razóns para non cubrir as baixas do persoal facultativo no centro de saúde e as previsións referidas á realización de modificacións nos seus recursos humanos”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde garante o mantemento da calidade asistencial que se presta no centro de saúde de A Pontenova, que conta cos servizos sanitarios de medicina xeral, enfermaría e servizos administrativos, entre outros.

O Servizo Galego de Saúde realizou unha reorganización dos recursos asistenciais asignados a este concello sen comprometer a calidade da asistencia sanitaria.

O concello de A Pontenova conta cunha poboación total de 2.131 habitantes. Descontada a poboación en idade pediátrica, conta cun total de 2.005 tarxetas sanitarias, que se distribúen entre os dous facultativos do centro de saúde.

O centro de saúde de A Pontenova contaba con tres facultativos de Medicina Familiar e Comunitaria, que tiñan asignadas un promedio de 664 tarxetas sanitarias cada un deles. Ademais, conta con servizo de enfermaría (con dous profesionais) e cun auxiliar administrativo.

Trala xubilación dun dos profesionais que ocupaba unha das prazas de medicina de familia, levouse a cabo unha reordenación dos cupos médicos deste centro de saúde



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/02/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 11203**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:38.784

galicia

(substancialmente inferiores á maioría dos concellos de Galicia e mesmo da provincia de Lugo, e ao promedio que se considera adecuada, de 1.500 tarxetas sanitarias por facultativo).

O Centro de Saúde permaneceu cun solo profesional 1 día no mes de xullo e 4 días no mes de agosto.

Con carácter xeral as baixas cóbrense sempre que é posible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 11203**  
Data envío: 17/02/2021 15:57:38.784

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2021 15:57:35**

CSV: BOPGDSPGCLVUFMHF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
